

## XOVES SANTO (A) Da darradeira Cea do Señor

### PRIMEIRA LECTURA Ex 12, 1-8. 11-14

Lectura do libro do Éxodo

Naqueles días, o Señor díxolles en Exipto a Moisés e a Aharón: - Teredes este mes polo primeiro dos meses, o mes principal de todo o ano. Dícidelle a toda a comunidade de Israel: "Que no día dez deste mes cadaquén se procure un año por familia, un por casa. Se a familia é moi pequena para come-lo año enteiro, que se xunte co seu veciño, co máis próximo á súa casa, de xeito que, tendo en conta o número de comensais, o año se axuste ó que entre todos poidan comer.

O animal, que será sen defecto, macho e dun ano, procurarédolo entre os años ou entre os cabritos. Gardarédolo ata o catorce deste mes e, entre lusco e fusco dese día, inmolarao a comunidade toda de Israel en assemblea. Colleréde-lo sangue e mollaredes con el as xambas e o lintel das casas nas que se vai comer. Comeréde-la carne esa noite, asada no lume, con pan sen levedar e con verduras amargas. Comerédolo deste xeito: A cintura cinguida, as sandalias nos pés, o caxato na man. Comerédolo ás presas, pois é a Pascua, o Paso do Señor. Esa noite pasarei eu por todo Exipto e ferirei de morte a tódolos primoxénitos, desde os dos homes ata os do gando. Farei cumprida xustiza contra tódolos deuses de Exipto. Eu, o Señor. O sangue será o sinal das casas onde vós habitades. En vendo o sangue, pasarei sen me deter, e así, cando eu fira a Exipto, non vos tocará a vós a praga exterminadora. Este día quedaravos como lembranza perpetua e faredes nel festa ó Señor. Será festa de precepto por tódalas xeracións".

### SALMO RESPONSORIAL Sal 115, 12-13. 15-16bc. 17-18

R/. (cf. 1 Cor 10, 16): O cáliz de bendición é a comunión do Sangue de Cristo.

¿Con que lle pagarei ó Señor  
todo o ben que me fixo?  
Alzarei a copa da salvación,  
invocando o nome do Señor.

É preciosa ós ollos do Señor  
a morte dos seus amigos.  
Señor, eu son o teu servo,  
servo teu e fillo da túa serva:

¡ti rompíche-las miñas cadeas!

Ofrecereiche un sacrificio de loanza,  
invocando o teu nome, Señor.  
Cumprirei os meus votos ó Señor,  
á vista de todo o seu pobo.

## **SEGUNDA LECTURA**    1 Cor 11, 23-26

Lectura da primeira carta do Apóstolo San Paulo ós Corintios

Irmáns: Eu recibín do Señor, e transmitinvos tamén a vós, que o Señor Xesús, na noite en que o entregaron, colleu pan e, despois de dar gracias, partiuno e dixo: "Isto é o meu corpo, que se entrega por vós; facede isto en memoria miña". Do mesmo xeito, despois de cear, tomou a copa dicindo: "Esta copa é a Nova Alianza, no meu sangue; cada vez que a bebedes, facédeo en memoria miña". Polo tanto, cada vez que comedes este pan e bebedes esta copa, anunciáde-la morte do Señor, ata que El volva.

## **LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN**

Antes da festa da Pascua, sabía Xesús que lle chegara a hora de pasar deste mundo para onda o Pai; e xa que amara os seus que estaban no mundo, amounos ata a fin. E mentres ceaban -xa o Satán lle movera o corazón a Xudas, o de Simón Iscariote, para que o entregase-, sabendo que o Pai lle puxera todo nas mans, e que saíra de Deus e ía onda Deus, ergueuse da mesa e deixou a túnica; e collendo unha toalla, cinguiuse con ela. Despois, botou auga nunha palangana e comezou a lavárlle-los pes ós discípulos e a secárllelos coa toalla que levaba cinguida.

Pero, cando chegou onda Simón Pedro, este díxolle: - Señor, ¿vasme ti lava-los pés a min? Xesús respondeulle: - O que eu fago, ti non o entendes agora; halo comprender despois.

Pedro replicoulle: - Ti non me lavara-los pés a min endexamais. Xesús respondeulle: - Se non te lavo, non terás parte comigo. Exclamou Simón Pedro: - Señor, daquela os pés, as mans e maila cabeza. Dille Xesús: - Quen se bañou, non precisa máis que lava-los pes, pois está todo limpo; e vós estades limpos, aínda que non todos.

Sabía quen o había de entregar: por iso dixo "non todos estades limpos". Despois de que Xesús lles lavou os pés e vestiu a súa túnica, sentou outra vez e preguntoulles: - ¿Comprendéde-lo que fixen convosco? Vós chamádesme "Mestre" e "Señor" e dicides ben porque o son. Logo, se eu, o Señor e o Mestre, vos lavei os pés, tamén vós debedes lavárvos-los pés uns a outros. Deivos así un exemplo, para que, como eu fixen convosco, así fagades tamén vós.